



## CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: correo@ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 242/2015, DO 26 DE XUÑO, DE APROBACIÓN DE BASES PARA CONTRATAR 16 MOZOS/AS DE RECOLLIDA DE LIXO-VARREDOR/A

#### ANTECEDENTES

- 1- Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial de A Coruña, publicada no BOP O día 31 de outubro de 2014 (BOP nº 209)
- 2- Convocatoria do programa MA100/2015 de subvencións para a limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2015 ( BOP de 16 de febreiro de 2015 nº 31)
- 3- Resolución pola que se aproba o aboamento do anticipo da subvención correspondente a convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2015, Concello de Ponteceso (referencia MA100/2012, expte 2015000002862)
- 4- Solicitude de emisión de informe xurídico da proposta das bases para contratar 16 mozos-operarios de recollida de lixo-varredores/as (traballadores desempregados) para a obra/servizo “limpeza de praias 2015”, asinada polo señor alcalde Lois García Carballido o 16/06/2015.
- 5- Informe xurídico desfavorable emitido pola Secretaría municipal o 18.06.2015.
- 6- Informe de reparo emitido pola Intervención municipal o día 19 de xuño de 2015
- 7- Oficio a alcaldía de 19 de xuño de 2015 de remisión de expediente á alcaldía para coñecemento
- 8- Memoria de alcaldía xustificativa da necesidade da contratación de persoal para o servizo de limpeza de praias durante o ano 2015
- 9- Proposta de bases para contratar 16 operarios- mozos/as de recollida de lixo-varredor/a para a obra – servizo “limpeza de praias 2015” de 23 de xuño de 2015.
- 10- Oficio de alcaldía para Secretaría para emisión de novo informe.
- 11.- Informe de intervención de 24 de xuño de 2015 co nº 1723 de RE

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores.
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada.
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.
- Artigo 235 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Artigo 103 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

- Artigo 177 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, de aprobación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Son competente para resolver, de conformidade co que dispón o artigo 21.g) da lei 7/1985, do 2 de abril, (modificada polo Lei 11/1999, do 21 de abril), e o artigo 41.14 do Real decreto 25686/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. .

Consta informe de Secretaria de 20 de maio de 2014.

Consta informe de Intervención de 20 de maio de maio de 2014

Por todo o anterior, RESOLVO:

1 Aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal de 16 operarios-mozos/as de recollida de lixo-varredores/as para a realización da obra ou servizo denominado “Limpeza de praias 2015”

As bases aparecen como anexo deste acordo.

2 Autorizar, o gasto con cargo as partidas correspondentes do vixente orzamento municipal e proceder á correspondente retención de crédito, para afrontar os custos dese persoal.

Ponteceso, 26/05/2015

O ALCALDE

ANTE MIN. A SECRETARIA



PROPOSTA DE BASES PARA CONTRATAR 16 OPERARIOS-MOZOS/AS DE RECOLLIDA DE LIXO-VARRENDOR-RA PARA A OBRA / SERVIZO “LIMPEZA DE PRAIS 2015”.

### **1 Obxecto da convocatoria:**

O obxecto desta convocatoria polo sistema de concurso oposición é a contratación laboral temporal, a media xornada, baixo a modalidade por obra ou servizo determinado, polo periodo de tres meses, de 16 prazas de operarios-mozos/as de recollida de lixo: varredor/a. O soldo é de 470 €brutos/ mes incluíndo a proporción da paga extra (excluída a cotización á Seguridade Social que será de 163,09€).

### **2 Tipo e duración do contrato:**

O contrato será de duración determinada, para realizar a obra ou servizo determinado, de conformidade co artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, sendo a duración do contrato de tres meses, rematando en todo caso a contratación o 31.10.2015

A xornada laboral será a media xornada con horario de 20 horas semanais de Luns a Venres de 8h00 a 12h00.

### **3 Requisitos dos aspirantes:**

Serán requisitos dos aspirantes a esta contratación:

1 Ter cumpridos os 16 anos de idade.

2 Estar en posesión del título de graduado escolar.



## **CONCELLO DE PONTECESO**

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: correo@ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

3 Ter a nacionalidade española, ser nacional da Unión Europea ou dun país con tratado internacional, segundo o que dispón o artigo 57.3 do Estatuto Básico

4 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

### **4 Presentación de solicitudes**

Aprobadas estas bases por Resolución do órgano competente publicaranse na páxina web municipal, nun diario para a súa difusión da comunidade autónoma e no taboleiro de anuncios.

As solicitudes presentaranse no prazo de 8 días hábiles no rexistro municipal (os días laborais de 9:00 a 14:00 horas) . Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Necesariamente, xunto coa solicitude para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán achegar a fotocopia do DNI, título de graduado escolar o equivalente e da relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa destes, pois non se terán en conta nin serán avaliados os méritos que non estean acreditados na forma indicada).

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicaranse na páxina web e no Taboleiro de anuncios a lista de provisional de admitidos.

No seu caso abrirase un novo prazo de 1 día hábil para presentación de reclamacións e publicaranse a lista definitiva. De non existir ningún exluído publicaranse directamente a lista definitiva. Na lista definitiva de admitidos, farase consta a data da convocatoria dos membros da Tribunal para a avaliación dos méritos, e a data da proba da oposición.

Os candidatos deberán acudir á chamada co seu DNI e serán chamados por orde alfabético.

### **5 Tribunal cualificador das probas:**

1 O tribunal cualificador designado pola alcaldía, estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta: a secretaria do concello ou o/a funcionario/a no/a que delegue

Secretaria (con voz e sen voto): a tradutora do concello ou o/a funcionario/a no/a que delegue

Vogais:

O técnico local de emprego ou persoal do concello no que delegue.

Un traballador municipal da brigada de obras e servizos

2 O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, de alomenos tres dos seus membros, sendo obrigatoria a presenza do Presidente e o Secretario

De todas as reunións que faga o tribunal o secretario redactará acta .

3 Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4 O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos nelas.

5 O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubri-las posibles vacantes que poideran producirse, só válido para a presente campaña.

6 Os membros do tribunal percibirán as dietas conforme o RD 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo.

7 O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

## **6 SELECCIÓN:**

### **6.1. Fase de oposición:**

#### **6.1.1. Proba practica eliminatoria.**

As persoas aspirantes deberán realizar una proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de diccionario, nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentas aqueles aspirantes, que acrediten posuír o Celga 2, (adjuntarse coa solicitude).

A calificación será de Apto ou Non apto.

#### **6.1.2. Proba práctica eliminatoria**

. Manexo das ferramentas adecuadas para o desempeño das tarefas propias do contrato.

O lugar e a hora serán fixados na Resolución definitiva de admitidos.

A calificación será de Apto ou Non apto.

### **6.2. Fase de concurso:**

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados polos/as aspirantes no momento de presentar a súa instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

#### **6.2.1. Experiencia profesional**

- Por cada mes de servizo prestado como peón de operario de limpeza de prais-mozos de recollida de lixo ou similar na Administración Pública ou empresa privada : 0,10 pto ata un máximo de 3 pto.

Os servizos prestados acreditaranse con informe de vida laboral acompañado do contrato de traballo ou certificación de servizos prestados emitida pola Administración pública competente.



## CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: correo@ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

### 6.2.2. Por pertencer a colectivos en dificultade de inserción laboral

A puntuación máxima neste apartado é de 2.5 puntos distribuídos a razón de 0.25 puntos por apartado, sendo os mesmos acumulables.

Enténdese que pertence a un colectivo en dificultado de inserción laboral todo aquel traballador que estea desempregado e inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego, e concorra algunha das seguintes circunstancias:

colectivo	Acreditación
Persoas con discapacidade	Certificado de minusvalía dun 33% ou superior
Desempregados maiores de 45 anos	DNI e Tarxeta de demanda de emprego
Mulleres desempregados	DNI e Tarxeta de demanda de emprego
Desempregados de longa duración	Certificación de períodos de inscrición na oficina de emprego
Persoas en situación de exclusión social	Informe de área de servizos do municipio onde resida o solicitante
Familias monoparentales	Libro de familia
Vítimas de violencia doméstica	Certificación de oficina de emprego de non estar percibindo nin ter dereito a percibir ningún tipo de prestación
Familias numerosas	Libro de familia
Persoas desempregados que esgotasen as prestacións e subsidios por desempregado a que teñan dereito	Certificación da oficina de emprego de non estar percibindo nin ter dereito a percibir ningún tipo de prestación
Unidades familiares con fillos a cargo nas que a totalidade dos seus membros están desempregados	Certificado de empadronamento e vida laboral dos restantes integrantes da unidade familiar se procede. Admitirase declaración persoal que deberá ser debidamente acreditada se o candidato resulta seccionado

### 6.2.3. Cargas familiares

6.2.3.1. Cando conviva con fillos menores de 26 anos ou maiores incapacitados, ou menores acollidos e que non perciban retribucións: 0.50 puntos. Esta condición acreditarase mediante fotocopia cotexada (orixial e fotocopia) do Libro de Familia, certificado de convivencia ou empadronamento e declaración da renda se procede

### 7 Procedemento de selección:

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do concello a relación de todos os aspirantes coa puntuación final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na fase do concurso).

O tribunal elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta.

No caso de empate na puntuación final, decidirá o Tribunal de forma motivada.

## **8 Presentación de documentos**

Cada unha/un das/dos aspirantes propostos presentarán na Secretaría do concello, no prazo de tres días naturais (contados a partir da publicación do resultado de selección), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, ademais de un informe ou certificado médico no que o aspirante non padece ningunha enfermidade nin defecto físico que le incapacite o desempeño das tarefas propias da actividade.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza mayor, algún ou algunha dos/das aspirantes propostos/as non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que pudiera incurrir por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

## **9 Formalización dos contratos:**

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da corporación procederá a contratar a favor dos/das aspirantes propostos/as polo tribunal cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento.

Previamente á asinatura do contrato, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentes non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcaice previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

## **10 Normas finais**

1 Para todo o que non está previsto nestas bases ou para o que as contradigan, será de aplicación suletoria o establecido na Lei reguladora das bases do réxime local, na Lei de administración local de Galicia, no Real decreto 896/1991, no Real decreto 364/1995, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

2 Os actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da casa do concello.

3 Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións suspenderá a continuación do proceso selectivo, agás que así o decida o órgano que o convoca este.

4 Contra estas bases e contra a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-



## **CONCELLO DE PONTECESO**

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: correo@ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación na convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interponer o recurso de reposición no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interponer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

O tribunal queda facultado para resolver tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

